

▼ FORESTAL



AEP

A edición da guía pretende contribuír á creación de emprego no sector forestal do medio rural galego

Editada unha guía forestal de boas prácticas

A publicación, elaborada por Asefoga, dá instrucións para que as explotacións do sector sexan económica e ecoloxicamente sostibles

REDACCIÓN

A Asociación Sectorial Forestal Galega (Asefoga) anunciou edición dunha guía de boas prácticas con instrucións concretas para que os profesionais do sector forestal poidan facer as súas explotacións sostibles económica e ambientalmente.

O director do proxecto, Miguel Acuña, sinalou que o obxectivo desta acción é promover a utilización racional dos recursos forestais, para o que se porá en marcha, ademais, unha serie de accións gratuítas de educación e

formación, neste ámbito.

Indicou así mesmo que a guía ideouse coa intención de que os traballadores, tanto autónomos como de pequenas e medianas empresas forestais, realicen os labores no monte “utilizando un instrumento que lles axude a mellorar a xestión, planificación e ordenación do territorio”.

A guía desenvólvese baixo o principio da xestión forestal sostible, isto é, que “o bosque sempre produce e nunca morre, cando se lle deixa unha marxe de rexeneración natural”, dixo.

Para que a explotación sexa

tamén economicamente viable, a guía fai fincapé no fomento da multifuncionalidade do bosque, a prevención de riscos laborais e a certificación forestal, que asegura a calidade do produto.

O manual contén, ademais, información sobre a achega das superficies forestais ao ciclo total do carbono, o papel protector do chan como regulador do réxime hidrolóxico, entre outras.

A edición da guía está cofinanciada polo Fondo Social Europeo e a Fundación Biodiversidade, co fin de contribuír ao desenvolvemento do emprego rural.